# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

## ***DA MATERIA***

## ***VALORES ÉTICOS***

## ***2º E. S. O.***

***IES Nº1 A ESTRADA***

***CURSO 2022 – 23***

## Contenido


Contextualización ..................................................................................................................3

Introdución ...........................................................................................................................5

2º de ESO. Contidos, Obxectivos, Criterios de avaliación, Estándares, Competencias. .......................7

Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado. Avaliación. ...........................29

Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente: .................................30

Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes. 32

Tratamento dos Elementos Transversais .......................................................................................33

Actividades Complementarias e Extraescolares .............................................................................33

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas . .......................33

Medidas de Atención á Diversidade .............................................................................................34

Metodoloxía ..........................................................................................................................36

Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar. ....................................................................36

Estratexias de animación á lectura ..............................................................................................36

Accións previstas de acordo co plan de integración das tics ..........................................................37

Actividades de recuperación para os alumnos con avaliacións non superadas ...............................37

## Contextualización

A presente Programación Didáctica foi elaborada polo profesrorado do IES nº 1 de A Estrada. É importante destacar que no centro non existe o departamento da materia de valores éticos e neste curso a materia a imparten os profesores Javier Sanmartín Enríquez en 2º (ESO) e Ana Isabel López Novo (4º ESO).

Todo este documento preparouse tendo en mente as características do centro, do tipo de alumnado que cursa os seus estudos no instituto e das necesidades e expectativas dos mesmos.

O IES nº1 de A Estrada é un centro público dependente da Consellería de Educación da Comunidade Autónoma de Galicia. Está situado na avenida da Piscina no concello de A Estrada, e pertence a comarca de Tabeirós-Terra de Montes; ten unha poboación de 21.000 habitates aproximadamente.

O alumnado do centro ven maioritariamente de zona rural, de ambos sexos distribuídos homoxéneamente e pertencen a familias de nivel socioeconómico e cultural medio-baixo, e cunha colaboración e participación co centro case sempre foi permanente e activa e positiva.

Os alumnos desprázanse diariamente en transporte escolar ao centro, o que limita considerablemente as posibilidades de participación en actividades extraescolares e da súa formación, xa que non poden acceder ás institucións públicas como bibliotecas, actividades de teatro ou cinema, ou a outras actividades culturais e deportivas que se poidan organizar na vila. Ademais tamén limita a organización de actividades fóra do horario lectivo desde o centro porque sempre estamos a expensas do transporte.

O Centro atópase, en xeral, en bo estado, ten dous edificios, un onde se imparten as clases de educación física e outro onde se imparten o resto de materias, están unidos por un patio cuberto. A súa oferta educativa comprende a etapa da ESO.

O alumnado matriculado no IES Nº1 de A Estrada neste curso 22-23 é de 137 alumnos/as; a gran maioría deles utilizan o idioma galego como primeira lingua e case todos viven no rural nas parroquias pertencentes o concello de A Estrada. O noso alumnado procede dos seguintes centros adscritos de educación primaria:

- CEIP Cabada Vázquez (Codeseda).
- CEIP Foxo.
- CEIP Manuel Villar Paramá (Vea).
- CEIP Plurilingüe de Oca.

A distribución dos grupos e cursos deste alumnado distribúese da seguinte maneira:

**1º ESO**.

- 35 alumnos repartidos en dous grupos, repartidos en 17 e 18 alumnos cada un. Dos que 4 están exentos de cursar a segunda lingua estranxeira e deberán cursar un REFORZO EDUCATIVO de linguas e matemáticas. 2 alumnos teñen Adaptacións Curriculares (ACI).

**2º ESO.**

- 45 alumnos distribuídos en dous grupos de 22, 23 alumnos cada un. Dos que 9 alumnos están exentos de cursar a segunda lingua estranxeira e deberán cursar un REFORZO EDUCATIVO de matemáticas e linguas e matemáticas. Hai 5 alumnos con ACI

**3º ESO.**

- 41 alumnos repartidos en dous grupos, repartidos en 21 e 20 alumnos cada un.

**4º ESO.**

- 16 alumnos nun grupo.

## Introdución

A Materia de **VALORES ÉTICOS DE 2º de ESO** ten como obxectivo básico orientar o alumnado adolescente na escolla do seu proxecto de vida persoal. A orientación de Valores Éticos permitirá que ese proxecto se vaia enchendo de xeito acorde coa racionalidade práctica. Isto supón que o proxecto, por racional, vai requirir virtudes intelectuais como o rigor, a coherencia, a honradez intelectual ou o apego á realidade. Pola dimensión práctica desa racionalidade, o proxecto requirirá que o alumnado vaia construíndo, desde a reflexión, un código ético de valores e normas que determinarán as súas decisións para guiar a súa conduta de tal xeito que realce a súa dignidade persoal e, ao mesmo tempo, permita a súa realización plena e feliz como persoas e a promoción de relacións sociais marcadas polo recoñecemento das outras persoas, o respecto cara a elas, e pola finalidade de alcanzar cotas cada vez maiores de xustiza, tanto no nivel máis próximo á persoa como no nivel global.

No plano didáctico, Valores Éticos contribúe á consecución das competencias clave. Resulta evidente que o obxectivo de alcanzar maiores competencias sociais e cívicas está na súa propia constitución como materia. Pero a reflexión ética tamén require a posta en práctica da competencia comunicación lingüística, pola necesidade de rigor e claridade na exposición das propias ideas, e da capacidade dialóxica para comprender os puntos de vista alleos e aprender deles. Tamén resulta indispensable fomentar tanto a competencia de aprender a aprender como a de sentido da iniciativa e espírito emprendedor, pois ambas inciden na necesidade de crecemento persoal, tanto na orde do exercicio dos procesos cognitivos como na do aprecio pola creatividade, o sentido crítico e o non-estancamento. Para a reflexión ética, ademais, é necesario coñecer e dialogar con pensadores/as que, coas súas teorías antropolóxicas, éticas e políticas, foron moldeando tanto a nosa cultura como os valores de respecto, non-violencia, liberdade, igualdade entre as persoas, solidariedade e pluralismo; valores que son o corazón da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH). É desde eses valores como tamén se analiza o traballo científico e tecnolóxico, polo que tamén se traballa a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, non desde unha perspectiva substantiva, pero si desde a análise da actividade científico-tecnolóxica como actividade que debe ser acorde a valores éticos universais, tanto nos seus procedementos como nos resultados que dela se poidan obter. Por último, a materia préstase a desenvolver nos alumnos e nas alumnas, tanto en traballos colaborativos como en tarefas individuais, a competencia dixital, que lles permita acceder e seleccionar información, procesala e plasmar as súas creacións en produtos cunha innegable capacidade para a comunicación.

Apúntase, tamén, a oportunidade que brinda a materia para pór en práctica metodoloxías didácticas activas e contextualizadas que faciliten a participación do alumnado en traballos cooperativos, a realización de tarefas, a aprendizaxe baseada en problemas, o estudo de casos, o traballo por retos, etc., metodoloxías todas elas que lle confiren ao alumnado o papel de axente activo da súa propia formación.

Poucas materias afondan no tratamento dos elementos transversais do currículo como a de Valores Éticos, tendo algún deses elementos, como a educación cívica e constitucional, como parte nuclear, e necesitando o concurso dos outros, como a comprensión de lectura, a corrección na expresión
oral e escrita, o uso de ferramentas para a comunicación audiovisual e outros elementos de TIC, ou a aposta polo emprendemento como antítese do estancamento e a pasividade. Pero, ademais, na materia abórdanse temas como o desenvolvemento sustentable, o abuso e o maltrato de persoas con discapacidade, ou o fomento da igualdade de oportunidades, porque nestes e en outros é a reflexión ética a quen ten que orientar a nosa conduta.

O currículo da materia está estruturado en seis bloques temáticos con enfoques, perspectivas e niveis de fondura diferente. Son os seguintes: "A dignidade da persoa", "A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais", "A reflexión ética", "A xustiza e a política", "Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos" e, por último, "Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía". As diferenzas entre bloques e o ter en conta os diversos momentos do desenvolvemento cognitivo do alumnado nesta etapa foron os motivos determinantes de que, no currículo do primeiro ciclo, os alumnos e as alumnas de primeiro de ESO traballen o referido á personalidade e á súa constitución, a ineludibilidade dos problemas morais e a introdución á reflexión ética e política.

En segundo de ESO abórdanse as achegas que, no campo da reflexión moral, fixeron os/as grandes pensadores/as e filósofos/as da historia, así como as conexións necesarias entre o campo da ética, o do dereito e o da política; conexións nas que o concepto de xustiza ocupa un papel central. En terceiro de ESO, curso final do ciclo, os temas atinxen á configuración da vida social e política, pondo como criterio ético básico dunha sociedade xusta o respecto á DUDH e os valores que a conforman, e vendo que tanto a Constitución Española como o Estatuto de Autonomía de Galicia se axustan a este criterio e o enriquecen. No cuarto curso da etapa retómanse xa, pero desde un nivel de afondamento superior, todos os temas que foron xurdindo nos cursos previos, tendo como horizonte que o alumnado, ao final da etapa, estea xa capacitado para levar a cabo o proxecto máis importantes de aqueles nos que se embarcarán: o dunha vida persoal e social digna e satisfactoria.

# Valores Éticos 2º de ESO. Contidos, Obxectivos, Criterios de avaliación, Estándares, Competencias.

| | VALORES ÉTICOS. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| **OBXECTI-VOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES, GRAO MÍNIMO CONSEC., TEMPORALIZACIÓN, INSTRUMENTO AVALIADOR , PESO ESPECÍFICO.** | **COMPETENCIAS CLAVE** |
| | **Bloque 1. A DIGNIDADE DA PERSOA. PRIMEIRA AVALIACIÓN** | | | |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B1.1. Conceptos de persoa achegados pola filosofía. | ▪ B1.1. Construír un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre. | ▪ VEB1.1.1. Sinala as dificultades para definir o concepto de persoa, analizando algunhas definicións achegadas por filósofos/as.<br>Grao mínimo.: Fíxase nalgún texto argumentativo e reflicte as súas partes.<br>Temporalización: **Primeira avaliación.**<br>Instrumento avaliador: Composición escrita.<br>Peso Esp. 2.60 % | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B1.2. Visión kantiana: a persoa como suxeito autónomo e como un fin en si mesma. | ▪ B1.2. Identificar os conceptos de heteronomía e autonomía, mediante a concepción kantiana da persoa, coa finalidade de valorar a súa importancia e aplicala na realización da vida | ▪ VEB1.2.1. Explica a concepción kantiana do concepto de persoa, como suxeito autónomo capaz de ditar as súas propias normas morais.<br>▪ | ▪ CSC |

| | VALORES ÉTICOS. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| **OBXECTI-VOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES, GRAO MÍNIMO CONSEC., TEMPORALIZACIÓN, INSTRUMENTO AVALIADOR , PESO ESPECÍFICO.** | **COMPETENCIAS CLAVE** |
| | | moral. | Grao mínimo.: 50%.<br>Temporalización: Primeira avaliación.<br>Instrumento avaliador: Composición escrita. Peso Esp. 2.60 % | |
| | | | ▪ VEB1.2.2. Comenta e valora a idea de Kant ao concibir a persoa como un fin en si mesma, rexeitando a posibilidade de ser tratada por outros como instrumento para alcanzar fins alleos a ela.<br>Grao mínimo.: 50%.<br>Temporalización: Primeira avaliación.<br>▪ Instrumento avaliador: Composición escrita.<br>▪ Peso Esp. 2.60% | ▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b | ▪ B1.3. Noción aristotélica da virtude: relación cos actos, os hábitos e o carácter. Virtudes | ▪ B1.3. Entender a relación entre os actos, os hábitos e o desenvolvemento do carácter, | ▪ VEB1.3.1. Sinala en que consiste a virtude e as súas características en Aristóteles, indicando a súa | ▪ CSC |

| | VALORES ÉTICOS. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| **OBXECTI-VOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES, GRAO MÍNIMO CONSEC., TEMPORALIZACIÓN, INSTRUMENTO AVALIADOR , PESO ESPECÍFICO.** | **COMPETENCIAS CLAVE** |
| ▪ d<br>▪ h<br>▪ l | éticas. | mediante a comprensión do concepto de virtude en Aristóteles e, en especial, o relativo ás virtudes éticas, pola importancia que teñen no desenvolvemento da personalidade. | relación cos actos, os hábitos e o carácter.<br>Grao mínimo.: 50%.<br>Temporalización: Primeira avaliación.<br>Instrumento avaliador: Composición escrita.<br>Peso Esp. 2.60 % | |
| | | | ▪ VEB1.3.2. Enumera algúns dos beneficios que, segundo Aristóteles, achegan as virtudes éticas ao ser humano, identifica algunhas destas e ordénaas segundo un criterio racional.<br>Grao mínimo.: 50%.<br>Temporalización: Primeira avaliación.<br>Instrumento avaliador: Composición escrita.<br>Peso Esp. 2.60 % | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| | **Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais. VALORES ÉTICOS DE 2º DE ESO** | | | |

| | VALORES ÉTICOS. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| **OBXECTI-VOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES, GRAO MÍNIMO CONSEC., TEMPORALIZACIÓN, INSTRUMENTO AVALIADOR , PESO ESPECÍFICO.** | **COMPETENCIAS CLAVE** |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.1. Diferenzas entre ética e dereito.<br>▪ B2.2. Posibles conflitos entre os valores que regulan a vida privada e os que regulan a vida pública. | ▪ B2.1. Distinguir, na persoa, os ámbitos da vida privada e da vida pública, a primeira regulada pola ética e a segunda polo dereito, coa finalidade de identificar os límites da liberdade persoal e social. | ▪ VEB2.1.1. Distingue entre os ámbitos de acción que corresponden á ética e ao dereito, e expón as súas conclusións mediante unha presentación elaborada con medios informática.<br>Grao mínimo.: 50%.<br>Temporalización: Primeira avaliación.<br>Instrumento avaliador: Composición escrita.<br>Peso Esp. 2.60 % | ▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ VEB2.1.2. Reflexiona arredor do problema da relación entre estes dous campos, o privado e o público, e a posibilidade de que exista un conflito de valores éticos entre ambos, así como a forma de atopar unha solución baseada nos valores éticos, exemplificando de maneira concreta tales casos, e expón as súas posibles solucións | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE |

<table>
<tr><td></td><td colspan="3">VALORES ÉTICOS. 2º de ESO</td><td></td></tr>
<tr><td>OBXECTI-VOS</td><td>CONTIDOS</td><td>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</td><td>ESTÁNDARES, GRAO MÍNIMO CONSEC., TEMPORALIZACIÓN, INSTRUMENTO AVALIADOR , PESO ESPECÍFICO.</td><td>COMPETENCIAS CLAVE</td></tr>
<tr><td></td><td></td><td></td><td>fundamentadas eticamente.<br>Grao mínimo.: 50%.<br>Temporalización: Primeira avaliación.<br>Instrumento avaliador: Composición escrita.<br>Peso Esp. 2.60 %</td><td></td></tr>
<tr><td></td><td colspan="3">Bloque 3. A Reflexión Ética. <u>SEGUNDA AVALIACIÓN DE VALORES ÉTICOS DE 2º DE ESO</u></td><td></td></tr>
<tr><td rowspan="2">▪ a<br>▪ d<br>▪ h</td><td rowspan="2">▪ B3.1. Diferenza entre ética e moral.<br>▪ B3.2. Reflexión ética como guía racional de conduta.</td><td rowspan="2">▪ B3.1. Distinguir entre ética e moral, sinalando as semellanzas e as diferenzas entre elas, e estimando a importancia da reflexión ética como un saber práctico necesario para guiar de xeito racional a conduta do ser humano á súa plena realización.</td><td>▪ VEB3.1.1. Recoñece as diferenzas entre a ética e a moral, no que se refire á súa orixe e á súa finalidade.<br>Grao mínimo.: 50%.<br>Temporalización: Segunda Avaliación.<br>Instrumento avaliador: Composición escrita.<br>Peso Esp. 2.60 %</td><td>▪ CSC</td></tr>
<tr><td>▪ VEB3.1.2. Achega razóns que xustifiquen a importancia da reflexión ética, como unha guía racional de conduta necesaria na</td><td>▪ CSC</td></tr>
</table>

| | VALORES ÉTICOS. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| **OBXECTI-VOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES, GRAO MÍNIMO CONSEC., TEMPORALIZACIÓN, INSTRUMENTO AVALIADOR , PESO ESPECÍFICO.** | **COMPETENCIAS CLAVE** |
| | | | vida do ser humano, expresando de forma apropiada os argumentos en que se fundamenta.<br>Grao mínimo.: 50%.<br>Temporalización: Segunda avaliación.<br>Instrumento avaliador: Composición escrita.<br>Peso Esp. 2.60 % | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B3.3. Estrutura moral da persoa.<br>▪ B3.4. Etapas do desenvolvemento moral en Piaget e Köhlberg. Paso da heteronomía á autonomía moral. | ▪ B3.2. Destacar o significado e a importancia da natureza moral do ser humano, analizando as súas etapas de desenvolvemento e tomando conciencia da necesidade que ten de normas éticas, libre e racionalmente asumidas, como guía do seu comportamento. | ▪ VEB3.2.1. Sinala en que consiste a estrutura moral da persoa como ser racional e libre, razón pola que esta é responsable da súa conduta e das consecuencias desta.<br>Grao mínimo.: 50%.<br>Temporalización: Segunda avaliación.<br>Instrumento avaliador: Composición escrita.<br>Peso Esp. 2.60 % | ▪ CSC |

| | VALORES ÉTICOS. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| **OBXECTI-VOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES, GRAO MÍNIMO CONSEC., TEMPORALIZACIÓN, INSTRUMENTO AVALIADOR , PESO ESPECÍFICO.** | **COMPETENCIAS CLAVE** |
| | | | ▪ VEB3.2.2. Explica as tres etapas do desenvolvemento moral na persoa, segundo a teoría de Piaget ou a de Köhlberg, e as características propias de cada unha, destacando como se pasa da heteronomía á autonomía moral.<br>Grao mínimo.: 50%.<br>Temporalización: Segunda avaliación.<br>Instrumento avaliador: Composición escrita.<br>Peso Esp. 2.60 % | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B3.5. A liberdade como raíz da estrutura moral da persoa. | ▪ B3.3. Recoñecer que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral na persoa, e apreciar o papel da intelixencia e da vontade como factores que incrementan a capacidade de autodeterminación. | ▪ VEB3.3.1. Describe a relación entre a liberdade e os conceptos de persoa e estrutura moral.<br>Grao mínimo.: 50%.<br>Temporalización: Segunda avaliación.<br>Instrumento avaliador: Composición escrita.<br>Peso Esp. 2.60% | ▪ CCL |

| | VALORES ÉTICOS. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| **OBXECTI-VOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES, GRAO MÍNIMO CONSEC., TEMPORALIZACIÓN, INSTRUMENTO AVALIADOR , PESO ESPECÍFICO.** | **COMPETENCIAS CLAVE** |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B3.6. Características distintivas dos valores éticos.<br>▪ B3.7. Valores éticos e dignidade humana. | ▪ B3.4. Resaltar a importancia dos valores éticos, as súas especificacións e a súa influencia na vida persoal e social do ser humano, destacando a necesidade de ser recoñecidos e respectados por todos. | ▪ VEB3.4.1. Describe as características distintivas dos valores éticos, utilizando exemplos concretos deles e apreciando a súa relación esencial coa dignidade humana e a conformación dunha personalidade xusta e satisfactoria.<br>Grao mínimo.: 50%.<br>Temporalización: Segunda avaliación.<br>Instrumento avaliador: Composición escrita.<br>Peso Esp. 2.60 % | ▪ CCL |
| | | | ▪ VEB3.4.2. Emprega o espírito emprendedor para realizar, en grupo, unha campaña destinada a difundir a importancia de respectar os valores éticos, tanto na vida persoal como na social.<br>Grao mínimo.: 50%.<br>Temporalización: Segunda | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |

| | VALORES ÉTICOS. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| **OBXECTI-VOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES, GRAO MÍNIMO CONSEC., TEMPORALIZACIÓN, INSTRUMENTO AVALIADOR , PESO ESPECÍFICO.** | **COMPETENCIAS CLAVE** |
| | | | avaliación.<br>Instrumento avaliador: Composición escrita.<br>Peso Esp. 2.60 % | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B3.8. Normas. Especificidade das normas éticas.<br>▪ B3.9. Relativismo moral dos sofistas.<br>▪ B3.10. Intelectualismo moral en Sócrates e Platón.<br>▪ B3.11. Relativismo moral fronte a obxectivismo moral. | ▪ B3.5. Establecer o concepto de normas éticas e apreciar a súa importancia, identificando as súas características e a natureza da súa orixe e validez, mediante o coñecemento do debate ético que existiu entre Sócrates e os sofistas. | ▪ VEB3.5.1. Define o concepto de norma e de norma ética, distinguíndoa das normas xurídicas, relixiosas, etc.<br>Grao mínimo.: 50%.<br>Temporalización: Segunda avaliación.<br>Instrumento avaliador: Composición escrita. Peso Esp. 2.60 % | ▪ CCL |
| | | | ▪ VEB3.5.2. Sinala quen foron os sofistas e algúns dos feitos e das razóns en que se fundamentaba a súa teoría relativista da moral, destacando as consecuencias que esta ten na vida das persoas.<br>Grao mínimo.: 50%.<br>Temporalización: Segunda avaliación. | ▪ CCEC |

| | VALORES ÉTICOS. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| **OBXECTI-VOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES, GRAO MÍNIMO CONSEC., TEMPORALIZACIÓN, INSTRUMENTO AVALIADOR , PESO ESPECÍFICO.** | **COMPETENCIAS CLAVE** |
| | | | Instrumento avaliador: Composición escrita. Peso Esp. 2.60 % | |
| | | | ▪ VEB3.5.3. Coñece os motivos que levaron a Sócrates a afirmar o "intelectualismo moral", e explica en que consiste e a postura de Platón ao respecto.<br>Grao mínimo.: 50%.<br>Temporalización: Segunda avaliación.<br>Instrumento avaliador: Composición escrita. Peso Esp. 2.60 % | ▪ CCEC |
| | | | ▪ VEB3.5.4. Compara o relativismo e o obxectivismo moral apreciando a vixencia destas teorías éticas na actualidade, e expresa opinións de forma argumentada.<br>Grao mínimo.: 50%.<br>Temporalización: Segunda avaliación. | ▪ CCL<br>▪ CSC |

| | VALORES ÉTICOS. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| **OBXECTI-VOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES, GRAO MÍNIMO CONSEC., TEMPORALIZACIÓN, INSTRUMENTO AVALIADOR , PESO ESPECÍFICO.** | **COMPETENCIAS CLAVE** |
| | | | Instrumento avaliador: Composición escrita. Peso Esp. 2.60 % | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B3.12. Clasificación das teorías éticas: éticas de fins e éticas procedementais.<br>▪ B3.13. A ética de Epicuro como ética de fins. | ▪ B3.6. Explicar as características e os obxectivos das teorías éticas, así como a súa clasificación en éticas de fins e procedementais, sinalando os principios máis destacados do hedonismo de Epicuro. | ▪ VEB3.6.1. Enuncia os elementos distintivos das "teorías éticas" e argumenta a súa clasificación en éticas de fins e éticas procedementais, e elabora un esquema coas súas características máis destacadas.<br>Grao mínimo.: 50%.<br>Temporalización: Segunda avaliación.<br>Instrumento avaliador: Composición escrita. Peso Esp. 2.60 % | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ VEB3.6.2. Enuncia os aspectos fundamentais da teoría hedonista de Epicuro e os valores éticos que defende, destacando as características que a identifican como unha ética de fins. | ▪ CCEC |

| | VALORES ÉTICOS. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| **OBXECTI-VOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES, GRAO MÍNIMO CONSEC., TEMPORALIZACIÓN, INSTRUMENTO AVALIADOR , PESO ESPECÍFICO.** | **COMPETENCIAS CLAVE** |
| | | | Grao mínimo.: 50%.<br>Temporalización: Segunda avaliación.<br>Instrumento avaliador: Composición escrita. Peso Esp. 2.60 % | |
| | | | ▪ VEB3.6.3. Elabora, en colaboración co grupo, argumentos a favor e/ou en contra do epicureísmo, e expón as súas conclusións cos argumentos racionais correspondentes.<br>Grao mínimo.: 50%.<br>Temporalización: Segunda avaliación.<br>Instrumento avaliador: Composición escrita. Peso Esp. 2.60 % | ▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B3.14. O eudemonismo aristotélico como ética de fins.<br>▪ B3.15. O ben supremo da persoa | ▪ B3.7. Entender os principais aspectos do eudemonismo aristotélico, identificándoo como unha ética de fins e valorando a | ▪ VEB3.7.1. Explica o significado do termo "eudemonismo" e o que para Aristóteles significa a felicidade como ben supremo, e | ▪ CCL |

| | VALORES ÉTICOS. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| **OBXECTI-VOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES, GRAO MÍNIMO CONSEC., TEMPORALIZACIÓN, INSTRUMENTO AVALIADOR , PESO ESPECÍFICO.** | **COMPETENCIAS CLAVE** |
| | en Aristóteles e as tres tendencias da alma. | súa importancia e a vixencia actuais. | elabora e expresa conclusións.<br>Grao mínimo.: 50%.<br>Temporalización: Segunda avaliación.<br>Instrumento avaliador: Composición escrita. Peso Esp. 2.60 % | |
| | | | ▪ VEB3.7.2. Distingue os tres tipos de tendencias que hai no ser humano, segundo Aristóteles, e a súa relación co que el considera como ben supremo da persoa.<br>Grao mínimo.: 50%.<br>Temporalización: Segunda avaliación.<br>Instrumento avaliador: Composición escrita. Peso Esp. 2.60 % | ▪ CCEC |
| | | | ▪ VEB3.7.3. Achega razóns para clasificar o eudemonismo de Aristóteles dentro da categoría da ética de fins.<br>Grao mínimo.: 50%. | ▪ CCL |

| | VALORES ÉTICOS. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| **OBXECTI-VOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES, GRAO MÍNIMO CONSEC., TEMPORALIZACIÓN, INSTRUMENTO AVALIADOR , PESO ESPECÍFICO.** | **COMPETENCIAS CLAVE** |
| | | | Temporalización: Segunda avaliación.<br>Instrumento avaliador: Composición escrita. Peso Esp. 2.60 % | |
| ▪ b<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B3.16. O utilitarismo como ética de fins: principio de utilidade; concepto de pracer; compatibilidade do egoísmo individual co altruísmo universal; localización do valor moral nas consecuencias da acción. | ▪ B3.8. Comprender os elementos máis significativos da ética utilitarista e a súa relación co hedonismo de Epicuro, clasificándoa como unha ética de fins e elaborando argumentos que apoien a súa valoración persoal arredor desta formulación ética. | ▪ VEB3.8.1. Fai unha recensión das ideas fundamentais da ética utilitarista: o principio de utilidade, o concepto de pracer, a compatibilidade do egoísmo individual co altruísmo universal e a localización do valor moral nas consecuencias da acción, entre outras.<br>Grao mínimo.: 50%.<br>Temporalización: Segunda avaliación.<br>Instrumento avaliador: Composición escrita. Peso Esp. 5 % | ▪ CCL |
| | | | ▪ VEB3.8.2. Enumera as características que fan do utilitarismo e do epicureísmo unhas éticas de fins. | ▪ CCEC |

| | VALORES ÉTICOS. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| **OBXECTI-VOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES, GRAO MÍNIMO CONSEC., TEMPORALIZACIÓN, INSTRUMENTO AVALIADOR , PESO ESPECÍFICO.** | **COMPETENCIAS CLAVE** |
| | | | Grao mínimo.: 50%.<br>Temporalización: Segunda avaliación.<br>Instrumento avaliador: Composición escrita. Peso Esp. 2.60 % | |
| | | | ▪ VEB3.8.3. Argumenta racionalmente as súas opinións sobre a ética utilitarista.<br>Grao mínimo.: 50%.<br>Temporalización: Segunda avaliación.<br>Instrumento avaliador: Composición escrita. Peso Esp. 2.60 % | ▪ CCL<br>▪ CSIEE |
| | **Bloque 4. A Xustiza e a Política. CONTINUACIÓN DA SEGUNDA AVALIACIÓN de VALORES ÉTICOS DE 2º DE ESO.** | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B4.1. Relación entre ética, política e xustiza no pensamento aristotélico.<br>▪ B4.2. Semellanzas, diferenzas e relacións entre valores éticos e | ▪ B4.1. Comprender e valorar a importancia da relación entre os conceptos de ética, política e xustiza, mediante a análise e a definición destes termos, | ▪ VEB4.1.1. Explica e aprecia as razóns que dá Aristóteles para establecer un vínculo necesario entre ética, política e xustiza.<br>Grao mínimo.: 50%. | ▪ CCEC |

| | VALORES ÉTICOS. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| **OBXECTI-VOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES, GRAO MÍNIMO CONSEC., TEMPORALIZACIÓN, INSTRUMENTO AVALIADOR , PESO ESPECÍFICO.** | **COMPETENCIAS CLAVE** |
| ▪ l | valores cívicos. | destacando o vínculo entre eles no pensamento de Aristóteles. | Temporalización: Segunda avaliación.<br>Instrumento avaliador: Composición escrita.<br>Peso Esp. 2.60 % | |
| | | | ▪ VEB4.1.2. Utiliza e selecciona información sobre os valores éticos e cívicos, identificando e apreciando as semellanzas, as diferenzas e as relacións entre eles.<br>Grao mínimo.: 50%.<br>Temporalización: Segunda avaliación.<br>Instrumento avaliador: Composición escrita.<br>Peso Esp. 2.60 % | ▪ CAA |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B4.3. A política de Aristóteles.<br>▪ B4.4. Concepto aristotélico de xustiza e a súa relación co ben común e a felicidade. | ▪ B4.2. Coñecer e apreciar a política de Aristóteles e as súas características esenciais, e entender o seu concepto de xustiza e a súa relación co ben común e a felicidade, elaborando | ▪ VEB4.2.1. Elabora, recorrendo á súa iniciativa persoal, unha presentación con soporte informático, sobre a política aristotélica como unha teoría organicista, cunha finalidade | ▪ CSIEE<br>▪ CD<br>▪ CSC |

| | VALORES ÉTICOS. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| **OBXECTI-VOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES, GRAO MÍNIMO CONSEC., TEMPORALIZACIÓN, INSTRUMENTO AVALIADOR , PESO ESPECÍFICO.** | **COMPETENCIAS CLAVE** |
| | | un xuízo crítico sobre a perspectiva deste filósofo. | ética e que atribúe a función educativa ao Estado.<br>Grao mínimo.: 50%.<br>Temporalización: Segunda avaliación.<br>Instrumento avaliador: Composición escrita. Peso Esp. 2.60 % | |
| | | | ▪ VEB4.2.2. Selecciona e usa información, en colaboración co grupo, para entender e apreciar a importancia que Aristóteles lle dá á xustiza como valor ético no que se fundamenta a lexitimidade do Estado e a súa relación coa felicidade e o ben común, e expón as súas conclusións persoais debidamente fundamentadas.<br>Grao mínimo.: 50%.<br>Temporalización: Segunda avaliación.<br>Instrumento avaliador: | ▪ CAA<br>▪ CCL |

| | VALORES ÉTICOS. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| **OBXECTI-VOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES, GRAO MÍNIMO CONSEC., TEMPORALIZACIÓN, INSTRUMENTO AVALIADOR , PESO ESPECÍFICO.** | **COMPETENCIAS CLAVE** |
| | | | Composición escrita.<br>Peso Esp. 2.60 % | |
| | **Bloque 5. Os Valores Éticos, o Dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros Tratados Internacionais sobre dereitos humanos. TERCEIRA AVALIACIÓN DE VALORES ÉTICOS DE 2 DE ESO.** | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B5.1. Relacións entre ética e dereito. | ▪ B5.1. Sinalar a vinculación entre a ética, o dereito e a xustiza, a través do coñecemento das súas semellanzas, diferenzas e relacións. | ▪ VEB5.1.1. Procura e selecciona información en páxinas web, para identificar as diferenzas, as semellanzas e os vínculos entre a ética e o dereito.<br>Grao mínimo.: 50%.<br>Temporalización: **Terceira Avaliación.**<br>Instrumento avaliador: Composición escrita. Peso Esp. 2.60 % | ▪ CCL<br>▪ CD |
| | **Bloque 6. Os Valores éticos e a súa relación coa Ciencia e a Tecnoloxía; Continuación da TERCEIRA AVALIACIÓN DE VALORES ÉTICOS DE 2º DE ESO.** | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d | ▪ B6.1. Dimensión moral da ciencia e da tecnoloxía polo seu impacto en todos os ámbitos da vida | ▪ B6.1. Recoñecer a importancia da dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, así como a necesidade de establecer límites | ▪ VEB6.1.1. Utiliza información de distintas fontes para analizar a dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, avaliando o impacto | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |

| | VALORES ÉTICOS. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| OBXECTI-VOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES, GRAO MÍNIMO CONSEC., TEMPORALIZACIÓN, INSTRUMENTO AVALIADOR , PESO ESPECÍFICO. | COMPETENCIAS CLAVE |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m | humana.<br>▪ B6.2. Valores recollidos na DUDH como criterio para fixar límites á investigación científico-tecnolóxica. | éticos e xurídicos, coa finalidade de orientar a súa actividade consonte os valores defendidos pola DUDH. | positivo e negativo que estas poden ter en todos os ámbitos da vida humana (social, económico, político, ético e ecolóxico, etc.).<br>Grao mínimo.: 50%.<br>Temporalización: <u>Terceira avaliación.</u><br>Instrumento avaliador: Composición escrita. Peso Esp. 2.60 % | |
| | | | ▪ VEB6.1.2. Achega argumentos que fundamenten a necesidade de pór límites éticos e xurídicos á investigación práctica, tanto científica como tecnolóxica, tomando a dignidade humana e os valores éticos recoñecidos na DUDH como criterio normativo.<br>Grao mínimo.: 50%.<br>Temporalización: <u>Terceira avaliación.</u><br>Instrumento avaliador: Composición escrita. Peso Esp. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |

| | VALORES ÉTICOS. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| **OBXECTI-VOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES, GRAO MÍNIMO CONSEC., TEMPORALIZACIÓN, INSTRUMENTO AVALIADOR , PESO ESPECÍFICO.** | **COMPETENCIAS CLAVE** |
| | | | 2.60 % | |
| | | | ▪ VEB6.1.3. Recorre á súa iniciativa persoal para expor as súas conclusións sobre o tema tratado, utilizando medios informáticos e audiovisuais, de xeito argumentado e ordenado racionalmente.<br>Grao mínimo.: 50%.<br>Temporalización: <u>Terceira avaliación.</u><br>Instrumento avaliador: Composición escrita. Peso Esp. 2.60 % | ▪ CD<br>▪ CSIEE |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B6.3. Problemas da tecnodependencia. | ▪ B6.2. Entender e valorar o problema da tecnodependencia e a alienación humana á que conduce. | ▪ VEB6.2.1. Destaca o problema e o perigo que representa para o ser humano a tecnodependencia, sinalando os seus síntomas e as súas causas, e estimando as súas consecuencias negativas, como unha adición incontrolada aos dispositivos electrónicos, aos videoxogos e ás redes sociais, | ▪ CMCCT |

| | VALORES ÉTICOS. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| **OBXECTI-VOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES, GRAO MÍNIMO CONSEC., TEMPORALIZACIÓN, INSTRUMENTO AVALIADOR , PESO ESPECÍFICO.** | **COMPETENCIAS CLAVE** |
| | | | que conduce as persoas cara a unha progresiva deshumanización.<br>Grao mínimo.: 50%.<br>Temporalización: Terceira avaliación.<br>Instrumento avaliador: Composición escrita. Peso Esp. 2.60 % | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B6.4. Dilemas morais que presentan os avances en medicina e biotecnoloxía. | ▪ B6.3. Utilizar os valores éticos contidos na DUDH no campo científico e tecnolóxico, coa finalidade de evitar a súa aplicación inadecuada e solucionar os dilemas morais que ás veces se presentan, nomeadamente no terreo da medicina e a biotecnoloxía. | ▪ VEB6.3.1. Analiza información seleccionada de diversas fontes, coa finalidade de coñecer en que consisten algúns dos avances en medicina e biotecnoloxía, que formulan dilemas morais (utilización de células nai, clonación, euxénese, etc.), sinalando algúns perigos que estes encerran de prescindir do respecto á dignidade humana e os seus valores fundamentais.<br>Grao mínimo.: 50%.<br>Temporalización: Terceira avaliación. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC |

| | VALORES ÉTICOS. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| **OBXECTI-VOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES, GRAO MÍNIMO CONSEC., TEMPORALIZACIÓN, INSTRUMENTO AVALIADOR , PESO ESPECÍFICO.** | **COMPETENCIAS CLAVE** |
| | | | Instrumento avaliador: Composición escrita. Peso Esp. 2.60 % | |
| | | | ▪ VEB6.3.2. Presenta unha actitude de tolerancia e respecto ante as opinións que se expresan na confrontación de ideas, coa finalidade de solucionar os dilemas éticos, sen esquecer a necesidade de empregar o rigor na fundamentación racional e ética de todas as alternativas de solución formuladas.<br>Grao mínimo.: 50%.<br>Temporalización: Terceira avaliación.<br>Instrumento avaliador: Composición escrita. Peso Esp. 1.20 % | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |

## Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado. Avaliación.

- Controis escritos da materia (claridade expositiva, corrección gramatical, capacidade analítica e de síntese…)
- Participación na clase ( actitudes, preguntas ….etc )
- *Corrección gramatical e argumental na redacción dos textos elaborados de maneira individual e cooperativa.*
- Competencia para a interpretación de datos e gráficos.
- Capacidade de síntese para a elaboración de mapas conceptuais.
- Inspección avaliativa das actividades de clase.
- Competencia dialóxica e cívica.
- Habelencias relacionadas coa lectura de imaxe: aspectos descritivos e interpretativos. Grao de competencia no uso das TICs para a elaboración, presentación e intercambio de información necesaria para a realización das tarefas e traballos individuais e de grupo.

## Criterios sobre a avaliación, cualificación. Concreción do sistema de cualificación:

Modificacións ao abeiro da *Orde do 25 de xaneiro,* que actualiza a normativa de avaliación na educación secundaria obrigatoria no sistema educativo de Galicia.

## Procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe dos alumnos. Criterios de cualificación.

Tal e como recolle a *Orde do 25 de xaneiro*, o noso departamento promoverá a utilización de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, para garantir a obxectividade na avaliación.

Realizarase unha **avaliación inicial** nas primeiras semanas de curso en todos os niveis da ESO que servirá como diagnóstico da competencia curricular do alumnado nesta materia. Esta avaliación medirá os coñecementos previos do alumnado, que van determinar o nivel do que debemos partir, así como a detección de necesidades educativas especiais do alumnado.
Os alumnos e alumnas serán avaliados e cualificados de acordo cos seguintes procedementos e instrumentos, dependendo das características das unidades traballadas en cada avaliación:

- **Traballos escritos de clase**, que serán revisados a lo menos unha vez por avaliación. Contarán o 10 % da nota final, e teráse en conta tanto a forma (presentación,

limpeza, orde …) como o contido.

- **Actividades**, individuais ou en grupo realizadas en clase. Contarán un 10 % da nota. O profesor controlará a realización destas actividades, penalizando a aqueles alumnos que non as fagan.

- **Traballos en casa**, individuais e en equipo, obrigatorios e voluntarios. Representan o 10% da nota final. Tomaranse as 2 notas máis altas de tódolos traballos realizados.

- **Probas escritas ou Inspección do escrito ao longo da Avaliación**, para valorar os coñecementos adquiridos. Contarán o 60%

- **Participación.** Contará o 10% da nota. Valorarase a atención na aula, a participación nos debates organizados, o grao de tolerancia e respecto do alumno, o seu avance nestes valores, etc.

**Proba escrita por avaliación que valerá un 60% e actividades de entrega que valerán un 40% restante. Só valerán o 40% se están entregadas no prazo que diga o profesor ou ao final da clase se ese é o prazo que o profesor pon.**

A **avaliación final** será a suma das tres avaliacións. Non se trata da suma aritmética das notas de cada avaliación, senón dunha nota que reflicta o punto ao que se chegou no final do proceso de aprendizaxe, tendo en conta o nivel de contidos acadado e o esforzo e a progresión presentados polo alumnado ao longo de todo o curso.

Así mesmo, os alumnos dos que se demostre que copiaron nun exame, ou que o profesor detecte que o fan durante un exame farase un novo exame nese mesmo día e se non hai a posobilidade de repetilo no mesmo día terá que facerse antes dos 3 días posteiores da data que o fixo co seu grupo de da clase.

## Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente:

Para avaliar este aspecto, relacionado coa práctica docente, faremos uso desta táboa que nos axudará, non só a avaliar e reflexionar sobre a planificación da programación, senón que inclúe propostas de mellora relacionadas coa propia programación e o desenvolvemento das distintas unidades e actividades que se vaian realizando ao longo das sucesivas avaliacións.

Os INDICADORES DE LOGRO contemplados van dende o 1 (grao mínimo de consecución) até o 4 (grao máximo de consecución).

| Dimensións | Indicadores | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|---|
| Planificación | 1. Programo a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos na normativa legal vixente. | | | | |
| | 2. Programo a materia tendo en conta os plans e proxectos educativos do centro. | | | | |
| | 3. Programo a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento desta. | | | | |
| | 4. Formulo os obxectivos didácticos de forma que expresen claramente as competencias a acadar polo alumnado. | | | | |
| | 5. Selecciono e distribúo de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes. | | | | |
| | 6. Programo actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe e das necesidades do alumnado. | | | | |
| | 7. Planifico as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado. | | | | |
| | 8. Establezo, de xeito explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación. | | | | |
| | 9. Coordínome co resto do profesorado do departamento e do centro que poidan ter contidos afíns. | | | | |
| Propostas de mellora | | | | | |
| Desenvolvemento | 1. Estruturo e organizo os contidos dando unha visión xeral de cada tema (índices, mapas conceptuais, esquemas...) | | | | |
| | 2. Cando introduzo conceptos novos, relaciónoos cos xa coñecidos. | | | | |
| | 3. Amoso predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases. | | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | 4. Optimizo o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica. | | | | |
| | 5. Utilizo as TIC para apoiar os contidos na aula. | | | | |
| | 6. Promovo o traballo cooperativo e manteño unha comunicación fluída co alumnado. | | | | |
| | 7. Desenvolvo os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas. | | | | |
| | 8. Presento actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa. | | | | |
| | 9. Presento actividades de grupo e individuais. | | | | |
| | 10. Facilito estratexias de aprendizaxe (como buscar información, como resolver problemas,...) | | | | |
| **Propostas de mellora** | | | | | |

## Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Este alumnado terá que realizar traballos ou exames de Pendentes, que serán publicitados con sufiente antelación.

Apuntamentos, Actividades e traballos, Blogues, aula virtual.

Deseño da Avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados:

Batería de preguntas para iniciar as explicacións pertinentes.

Redacción de aspectos relacionados coa materia. Actividades para acadar unha certa base teórica e tamén procedemental da cal partir.

Cadro cronolóxicos.

**Avaliación final de xuño.**
Tal e como dispón a Orde de avaliación do 25 de xaneiro, haberá unha avaliación final

a finais de xuño, en que se fará efectiva a cualificación definitiva da materia e se realizará a valoración das competencias clave do alumnado.
Este departamento realizará un informe individualizado de todo o alumnado. Neste informe aparecerán reflectidos os seguintes elementos:

- A identificación do alumno/a.
- As cualificacións acadadas en cada unha das avaliacións parciais.
- As partes da materia sen superar (bloques de contidos, temas, estándares...)
- As actividades de recuperación propostas, coa debida temporización.

Para comprobar a adquisición dos coñecementos imprescindibles que o alumno/a precisa para continuar o seu proceso de formación, será avaliado/a cunha proba cuxo valor será o 100%, e que poderá conter preguntas referidas aos apartados a), b) e c) dos criterios de cualificación.

**Tratamento dos Elementos Transversais do Currículo**

A materia de Valores Éticos de 2º da ESO, ten algúns deses elementos, como a educación cívica e constitucional, como parte nuclear, e necesitando o concurso dos outros, como a comprensión de lectura, a corrección na expresión oral e escrita, o uso de ferramentas para a comunicación audiovisual e outros elementos de TIC, ou a aposta polo emprendemento como antítese do estancamento e a pasividade. Pero, ademais, na materia abórdanse temas como o desenvolvemento sustentable, o abuso e o maltrato de persoas con discapacidade, ou o fomento da igualdade de oportunidades, porque nestes e en outros  a reflexión ética a quen ten que orientar a nosa conduta.

## Actividades Complementarias e Extraescolares programadas por cada departamento didáctico

**Programa de actividades para o grupo de segundo ESO na materia de  valores éticos:**

Prevense realizar actividades vinculadas con programas educativos que vaian xurdindo, a medida que se reciba información dos mesmos, como por exemplo a posibilidade do visionado dunha obra teatral ou cinematográfica, que xurda na contorna.

## Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Segundo os resultados académicos acadados, o Departamento nas sucesivas reunións poderá cambiar algúns aspectos e recollelos nas Actas.

## Medidas de Atención á Diversidade

En colaboración con Orientación, poderase deseñar algunha adaptación curricular ou outra medida específica, atendendo a algunhas dificultades ou problemáticas detectadas. É unha materia a elixir pola alumnado entre ela ou a Relixión, cunha carga horaria moi escasa dunha hora á semana, co cal búscase que o alumnado aprenda sen especiais dificultades á hora de abordar os contidos e sobre todo traballar Actividades.

Corrección individual de actividades para que o alumnado progrese segundo a súa capacidade, estas correcións serán ensinadas ao alumnado, deste modo poderá progresar partindo do seu propio nivel e mellorando dende sí mesmo.

### A. Atención á diversidade na programación de actividades

Levaranse a cabo actividades de distinto tipo, xa que no todos os alumnos aprenden coas mesmas estratexias, coas mesmas motivacións, ni coa mesma intensidade. Realizaranse os seguintes tipos de actividades:

- Actividades de repaso e recuperación para os alumnos que vaian máis atrasados
- Actividades de ampliación e afondamento para os máis avantaxados
- Actividades onde o alumno utilice diferentes estratexias (esquemas, resolución de casos, debate, descubrimento dirixido, análise de datos, estudio de noticias...)
- Actividades de investigación que favorecen o traballo autónomo e permiten a cada alumno aplicar o ritmo e a forma de traballo más axeitada á súas características individuais.
- Actividades individuais y grupais, nas que implicitamente se traballan outros valores.
- Atenderanse as motivacións persoais do alumno, permitindo que elixa entre distintos temas, para a realización de traballos de investigación

### B. Atención á diversidade na metodoloxía

A atención á diversidade se tradúcese metodoloxicamente nun tratamento individualizado dos alumnos:

- Adaptarán os exemplos e casos prácticos á realidade cotidiá que viven estes alumnos
- Partirá do nivel de desenvolvemento dos alumnos e as súas ideas previas
- Procurarase incrementar a súa motivación e curiosidade para cada un dos temas formulados
- Procurarase a participación de todos, creando un clima agradable e de respecto
- Combinarse a exposición do profesor con outras estratexias
- Explicaranse os contidos, sempre que sexa posible, dende diversos puntos de vista e de distinto xeito.
- Tratarase de solucionar o problema da comprensión dalgúns conceptos, escribindo no encerado as palabras de maior dificultade e utilizando sinónimos.

### C. Atención á diversidade nos materiais

Utilizaranse materiais diversos para facilitar a adquisición das aprendizaxes por diferentes vías e estratexias.

- Esquemas
- Fichas
- Vídeos
- Internet (enciclopedias on-line, páxinas web, dicionarios, etc.)
- Normas
- Material informático
- Textos e recursos literarios diversos
- Dicionarios convencionais
- Prensa
- Xogos, etc.

### D. Organización do grupo e aula

A disposición dos alumnos na aula dependerá da actividade que se estea realizando e das características dos alumnos. Hai actividades que se benefician con unha distribución diferente á habitual (en círculo para o debate, en grupos,…). As características dos alumnos determinan que uns se senten diante ou detrás, por parellas, etc. Estas características poden ser: nivel de motivación, dificultades de atención, problemas de audición o visión, etc.
Concretamente, os alumnos con problemas de atención sentaranse preferiblemente nas primeiras filas, así como os que teñan problemas de visión.

### E. Atención á diversidade na Avaliación

A avaliación personalizada, continua e integradora, facilita en gran medida a atención á diversidade dos alumnos, xa que ten en conta o nivel de partida do mesmo, permite axustar e orientar o proceso de ensinanza e aprendizaxe ao progreso de cada alumno e tomar decisións axeitadas ás súas necesidades. Débense utilizar instrumentos diversos, xa que non todos os alumnos aprenden do mesmo xeito. Ademais, nas probas escritas (si as houbera) terse en conta que no todos os alumnos tardan o mesmo tempo en resolvelas.

### F. Adaptacións do currículo

Na programación terase en conta que non todos os alumnos adquiren os coñecementos do mesmo xeito, nin ao mesmo ritmo, nin con igual intensidade. A programación debe deseñarse de modo que asegure un nivel mínimo para todos os alumnos. Así pois, é importante distinguir os contidos e capacidades mínimas dos que non o son.

Haberá casos en que se faga necesario realizar adaptacións significativas (sempre traballando co departamento de orientación), que afecten a obxectivos, contidos e criterios de avaliación, sempre e cando se respecten as prescricións contidas nos reais decretos de mínimos e de currículo.

## Metodoloxías

Metodoloxías que require a materia:
Explicacións, correccións, esquemas, mapas conceptuais, presentacións en power point, videos didácticos.

## Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.

Apuntamentos, fotocopias, aula virtual, blogues, material audiovisual, etc.
Criterios sobre a Avaliación, Cualificación e promoción do alumnado. AVALIACIÓN.

- Controis escritos da materia (claridade expositiva, corrección gramatical, capacidade analítica e de síntese…)
- Participación na clase ( actitudes, preguntas ….etc )
- *Corrección gramatical e argumental na redacción dos textos elaborados de maneira individual e cooperativa.*
- Competencia para a interpretación de datos e gráficos.
- Capacidade de síntese para a elaboración de mapas conceptuais.
- Inspección avaliativa das actividades de clase.
- Competencia dialóxica e cívica.

## Estratexias de animación á lectura e o desenvolvemento da expresión oral e escrita

No que respecta ás estratexias de animación á lectura, nesta materia realizaranse numerosas lecturas da prensa, de internet, e de textos de distinta natureza, incluso contos breves, poemas y cómics para presentar ou afondar en algunhas unidades.

No que respecta á expresión oral e escrita, as distintas actividades programadas, así como os debates e diálogos que se organizarán na aula servirán para que os alumnos e alumnas desenvolvan a expresión oral e escrita satisfactoriamente.

## Accións previstas de acordo co plan de integración das tics

No que respecta ás TICs, os recursos aportados polas Tecnoloxías da Información e a Comunicación constitúen un medio ideal, xa que facilitan a obtención de información, a comunicación e o traballo, tanto individual como colectivo e ofrécenos numerosos recursos para apoiar as actividades. Ademais a súa utilización potencia a atención e a motivación do alumno, ao usar recursos máis atractivos para eles; así como facilita un aprendizaxe cada vez máis autónomo. A súa aplicación á Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos se centrará en:

- Utilización de Internet de forma sistemática no soamente para a elaboración de contidos por parte do profesor senón tamén por parte dos alumnos.
- Uso de programas de presentación tanto por parte do profesor como por parte dos alumnos se fora o caso
- Emprego do correo web para a recollida de traballos
- Emprego de Internet para que o alumno amplíe aspectos concretos do currículo. Apoio e reforzo dos temas explicados.
- Busca de información a través da rede para realizar traballos diversos e participar nos debates e diálogos sobre distintos aspectos de actualidade. Análise e valoración crítica da información procedente de fontes diversas, selección, tratamento e síntese da mesma, de acordo co fin perseguido e comunicación aos demais de xeito organizado e intelegible.
- Utilización do procesador de textos para a realización práctica de traballos, o que permitirá ao alumno realizar con menos esforzo os traballos escritos e revisalos posteriormente para melloralos. Emprego de base informatizada na entrega de dalgúns traballos de clase.
- Lectura de textos diversos. As novas tecnoloxías supoñen unha nova forma de lectura, ademais da posibilidade de ter acceso a unha enorme cantidade de textos dixitais e busca de información sobre os seus autores.
- Consulta de páxinas web, foros e blogs relacionadas con distintos temas
- Utilización de dicionarios e enciclopedias on-line.
- Lectura de prensa dixital, tanto da local como da nacional.
- Visualización vídeos e filmacións de diversa índole
- Uso de diversas actividades interactivas dispoñibles en Internet

## Actividades de recuperación para os alumnos con avaliacións non superadas

Aqueles alumnos que teñan algunha avaliación suspensa terán a posibilidade de recuperar mediante unha proba escrita final, no mes de xuño, un exame para

recuperar a parte ou partes non superadas.

A Estrada a 9 de marzo de 2023

O profesor,

Javier Sanmartín Enríquez